

COIAS

CEIP Seis do Nadal



VIAXANDO CO SEIS

Xuño 2016

Revista Nº 17

Remata outro curso. Un curso especial no que xa se aplicou a LOMCE na súa totalidade e que trouxo consigo as Avaliacións Individualizadas de 3º e 6º (as chamadas Reválidas). Aínda que a asistencia ás probas foi moi baixa (o 16 e o 18%), xerou desencontros entre o profesorado e tamén entre as familias. Considérase que o profesorado xa coñece ben ao alumnado, ten moita información sobre el e que esa proba non sería necesaria. Se temos en conta que é a finais de maio e os de 6º vanse para o Instituto, non a aproveitamos. O traballo que leva consigo organizar o profesorado en todos os perfís, a avaldia que moitas veces non funcionaba, facer probas adaptadas,..en fin, un traballo burocrático que no remate do curso, quitounos moitas horas para outras actividades.

Polo demais, foi un curso como sempre, con moitas actividades, saídas e proxectos.

Botamos a andar o Programa trienal de Educación Responsable (Emocional, Social e Creativa) da Fundación Botín, co que agardamos favorecer o crecemento emocional, intelectual e social , mellorar a convivencia e fomentar a creatividade do noso alumnado. Temos moitas expectativas con estes recursos.

Outra novidade deste curso, e que cremos que terá que ter un máximo rendemento o próximo curso, é a Aula Multisensorial, un espazo dirixido a estimular todos os sentidos con axuda de material específico como cama de auga, tubo de burbullas, programa de ordenador, ...

Estamos moi orgullosos , como cada ano, da nosa Comunidade Educativa: profesorado , alumnado, ANPA, Agrupación Deportiva , facendo coas súas actuacións que esto sexa máis ca unha escola. Unha aberta a todos e todas.

E, para rematar, xa que este ano tivemos a ledicia de contar con Manuel María, nas Letras Galegas, despedímonos cuns versos del, no que anima a falar máis o noso idioma, o galego, en todos os ámbitos da vida. Nós tamén o facemos!

Pasade bo verán e vémonos...en setembro!!! Bicos e abertas.

***O idioma é a forza, que nos xunque e sostén.
Si perdemos a fala non seremos ningún!!!***

Este ano
viaxamos co Seis a
diferentes lugares da
xeografía galega e do
territorio español

Comenza O Curso 2015-2016 Pensando en... Viaxar



O Magosto



Celebramos o magosto comendo castañas, tiznando as nosas caras, xogando á corda e bailando. Que ben o pasamos!!!





Familias e alumnado decoraron as cabzas con diferentes elementos de viaxe (maletas, mochilas, mapas,...) e con todas elas montamos unha exposición que foi visitada pola Comunidade Educativa!!!!



Festival de Nadal

A mellor forma de rematar o primeiro trimestre foi ver as actuacións dun fermoso festival no que viaxamos polo nadal con panxoliñas, cancións e teatro.



Infantil 4 anos B: Nadal para Tod@s

Infantil 4 anos A: Quero o Nadal



2ª: Un ano máis



4º A: Panxoliña

Que grandes artistas somos!!!!!!



6º A: Viageiros da Luz



6º B: Volver a casa por Nadal



6º C: Pola beira do Miño



O Nadal

A nosa árbore foi decorada con fotos de monumentos de diferentes lugares e cubos de papiroflexia. Quedounos moi vistosa e chuli!!!!



Neste tempo de nadal terceiro e cuarto montaron unha composición cun mapa ao que había que darlle a volta para cambiar o mundo e investigacións sobre os refuxiados.



Un ano máis temos que darlle as grazas ás familias pola súa colaboración co Banco de Alimentos.

Recibimos a visita do Apalpador que deixou agasallos a infantil.





Amor, ledicia, bicos, apertas, solidariedade, respecto, sorrisos,...son os ingredientes das nosas receitas coas que celebramos o Día da Paz.



Cantarela dos Nenos

Amiguiños todos amiguiños xa, os nenos de aquí e os nenos de alá.

Os nenos do mundo todos a cantar a unha mesma voz collidos das mans.

Cantarela nosa de amor e de paz, sen penchas nin odios, sen falsa irmandade.

Rolda de sorrisos, dende mar a mar, corazóns abertos, ollos de amizade.

Amiguiños todos, amiguiños xa, os nenos de aquí e os nenos de alá.

Xosé Neira Vilas



Despois da súa lectura rematamos cantando "Cantarela dos nenos" de Xosé Neira Vilas.



Entroido

Neste entroido
viaxeiro non
podían faltar os
MANDADIÑOS
DO MECO



Luns

Para viaxar co seis,
Para o luns trae uns lentes,
Non os gardes nen escaches,
Que che fan falla para o martes

Martes

Ademais de traer lentes,
Hai que engalanar cabeza
Gorra, sombreiro ou pamela
Ou lazo de franela

Mércores

Ademais de ollos,cabeza,
Hai que engalanar o pescozo,
Ponlle o que che dea a gana,
Como se é lazo de pana.

Xoves

Chega co xoves a tradición:
Pixama ou camisón,
Non esquezas o osiño,
Que che da tanto cariño.

Venres

Estamos no día grande,
O seis festexa as viaxes,
Sae a rúa a disfrutar,
Que non che ha pesar!!!



Infantil 3 anos A

Trens



Infantil 3 anos B

Trens



Infantil 4 anos A

Barcos



Infantil 4 anos B

Barcos



*Infantil 5 anos A.
Pilotos e azafatas*



*Infantil 5 anos B.
Pilotos e azafatas*



1º A. Turistas



*1º B.
Turistas*



2º. Chulapos e chulapas do Madrid castizo



2º. Chulapos e chulapas do Madrid castizo



3º A. Mochileros



3º B. Mochileros



4° A. Explorador@s



4° B. Explorador@s



5° A.
Mochilas



5° B.
Mochilas



6º A. Wallys

Viaxeiros que parten da estación do Seis en tren, barco ou en avión, turistas con cámara en man preparados e atendendo ás guías de Viaxes Tour 6, chulapos e chulapas do Madrid castizo, mochileir@s, exploradore@s desexosos de coñecer lugares, mochilas e Wallys na procura de aventuras.



6º B. Wallys



6º C. Wallys

Durante este curso **viaxamos entre lecturas**, achegámonos a obra de Manuel María, Xosé Neira Vilas, Rosalía, Cervantes,... inventamos e escribimos historias co **kamishibai**,... compartimos momentos con **escritor@s**, **ilustrador@s** e **contacontos**... creando ambientes favorables á lectura que estimulan as ganas de saber, a curiosidade e os desexos de expresar e comunicarse, proporcionando múltiples oportunidades de aprendizaxe de xeito que a biblioteca convertese nun lugar de referencia do centro.



Biblioteca Atlas dos Soños



O club de lectura formado por 25 alumnos/as de 6º intercambiaron opinións sobre diversas lecturas e falaron con Iedicia Costas, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil.

Como o 23 de Abril cúmprianse **400** anos do falecemento de **Cervantes**, dende a biblioteca quixemos renderlle unha pequena homenaxe centrándonos na súa obra máis coñecida universalmente, **Don Quijote de la Mancha** con exposicións, investigacións,...



Celebramos o Día do Libro coa actividade Apadriñamentos Lectores, no que os maiores apadriñaron aos máis pequenos cunha lectura que fixo deste día unha xornada moi especial e máxica!!!





O alumnado que participou no 1 Mercadiño Solidario podía adoptar un libro a cambio de entregar alimentos non perecedeiros. Cambiamos libros por alimentos. Todos os alimentos recaudados foron doados ao Banco de Alimentos de Vigo.

ESCRITOR@S
Xelís de Toro, Mar Guerra, Fran Alonso, Fina Casalderrey, Oli, Iedicia Costas, Pere Tobaruela

Foron moitos os escritor@s, ilustrador@s e contacontos que nos visitaron!!!!




DRABOIRO DE KAMISHIBAI
Amalia Pérez Otero

ILUSTRADOR@S
Dani Viéitez e Iria Iglesias, Andrés Meixide






CONTACONTOS
Raquel Queizás, Paco Nogueiras, Bea Campos, Iago López, Sabela Gago, Benxamín Míguez, Anxo Manoel,...



Participamos na proposta da AELG (Asociación de escritoras e escritores en lingua galega) para conmemorar o Día de Rosalía ilustrando unha postal cun debuxo sobre unha estrofa de **Alborada** (Cantares Gallegos) que o alumnado entregou as súas familias como agasallo rosaliano o día 24 de febreiro.





Hubo diversas actividades dirixidas ás familias: xoves de conto, mochilas viaxeiras, recanto de lecturas,.... Grazas pola vosa colaboración!!!!



Visítade o noso blogue atlasdossonhos.blogspot.com.es

A biblioteca recomenda para este verán...



Prelectores

O monstro de cores. Anna Llenas. Ed.Flanboyant

A viaxe de mamá.Mariana Ruiz Johnson. Ed.Kalandraka

Primeiros lectores

Feliz feroz. O lobiño riquiño. El Hematocrito. Ed.Xerais

Ganapán das palabras. Pepe Cáccamo e Mª Xosé Fernández. Ed.Kalandraka

Lectores autónomos

Rubicundo. María Canosa. Ed.Xerais
Galicia, nosa ledicia. Xosé Neira Vilas. Ed.Embora

Lectores avanzados

Esmeraldina, a pequena defunta. Leticia Costa. Ed.Xerais

Nena e o mar. Erica Esmoris. Ed.Xerais

E para toda a familia

Os sonhos na gaiola, As rúas do vento ceibe de Manuel María



MANUEL MARÍA

Galicia somos nós:
a xente e máis a fala.
¡Se buscas a Galicia
en ti tes que atopala!
“Os soños na gaiola”

Manuel María Fernández Teixeira naceu o 6 de outubro de 1929 en Outeiro de Rei, na Terra Chá, en Lugo.

Era fillo de Antonio e Pastora, dous labregos. Seu pai chegou a ser alcalde de Outeiro.

Comezou os estudos primarios na escola de Outeiro de Rei, en plena Guerra Civil, e despois preparou o ingreso ao instituto nunha academia de Rábade, onde o mestre aproveitaba as tardes dos sábados para lerlles aos seus alumnos e alumnas libros en galego.

O bacharelato realizouno en Lugo onde publicou o seu primeiro libro “Muiñeiro de brétemas”.

Casou con Saleta e foron vivir a Monforte onde Manuel exerceu a profesión de Procurador dos tribunais.

Nesta vila tivo unha extraordinaria actividade cultural e política: traballou na emisora local, deu unha chea de conferencias, abriu a librería Xistral e a editorial do mesmo nome, especializada en libros en galego, escribiu unha enorme cantidade de libros, participou en moitos movementos sociais e políticos... sendo o poeta galego máis musicado de todos os tempos.

Ingresou na Real Academia Galega en 2003.

Polo seu labor en prol da lingua e a cultura galega adícaselle o Día das Letras deste ano 2016.



O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo...

21



21

Interteatro



Este ano levou adiante esta experiencia a clase de 5ºB.


A obra é: "Berenguela: Aventuras e desventuras de tres espiñas de toxo".

Fomos ao colexio Saladino Cortizo. Tamén actuamos nas VII Xornadas Municipais de Teatro Escolar no Auditorio do Concello. Unha experiencia que non esqueceremos nunca!!!



Os artistas somos: Natalia, Nerea A., Nicolás, Iker, Samuel, Claudia, Xiana, Alba, Ainhoa, Alba F., Llui, Yago, Xoel, Héctor, Miguel, Unai, Almudena, Maty, Adrián, Laura, Nerea S., Ruth, Jorge, Hendar.





Tamén grazas ao esforzo das profes Leo, Sira e Ánxeles.



E por suposto, moitas grazas ás familias que se esmeraron en facer un vestuario que está á altura de calquera obra profesional.



O Maio

*Grazas á
colaboración das
familias que aportaron
fentos, calas, xestas,
fiunchos,...montamos
o MAIO do Seis e
cantámoslle as nosas
coplas.*



Ao longo do curso foron moitas as personas que pasaron polo Seis a impartir charlas e obradoiros

Aprendemos sen libros dentro da escola



Uso responsable das novas tecnoloxías e navegar por internet con seguridade dentro do Plan "Navega con rumbo".



A policía local impartiu unha charla de Educación Vial a 5º.



Participamos no programa Vigorecicla sobre reciclaxe e con Dinoseito aprendemos a separar os distintos residuos e materiais para a conservación e protección do medio ambiente.



As aulas de infantil de 5 anos, 2º e 6º, participaron no proxecto "Camiña con nós pola igualdade" que, a través de xogos e obradoiros promove a igualdade entre nenas e nenos

Como en cursos anteriores, as aulas prepararon para os venres programas para a Radio Escolar





Presentáronnos un deporte que está empezando a destacar "O Rugby"



Construímos cooperativamente un xoguete e aprendimos a usalo. Tod@s disfrutamos un montón!!!



Montamos as cúpulas de Leonardo



Con apócemas, conxuros e palabras máxicas conmemoramos o Día contra a Violencia de xénero



Aprendimos moito sobre os **pitiños**



Cosemos e fixemos os nosos traxes de entroido

Sempre que temos oportunidade, cociñamos. Polo entroido M^a Luz, Viri e Coral coa colaboración de varios alumnos/as de sexto prepararon unha receita "Tosta de lacón ao aroma de pemento emulsionado en aceite de oliva, é dicir... Tosta de lacón á feira". Estaban boísimasssss!!!!



As profes Bea e Loli non perden ocasión para preparar unha receita, un postre,... a cociña non ten secretos para elas. Prepararon a receita do requexo e a casiña de chocolate.



Este ano ás nosas palmeiras pasoulles factura o "picudo" e tivemos que cortalas así que os nenos e nenas de tres anos prantamos dous carballos para velo medrar durante o tempo que esteamos no cole.



Visitounos o CEE Saladino Cortizo facendo unha interpretación maxistral de "O Monstro de cores"

Contamos coa constante colaboración das familias, receitas, obradoiros, charlas, ...
Moitísimas grazas!!!!



Obradoiros



Charla encadernación artesanal



Poidemos desfrutar dun espectáculo musical co grupo Oviravai que presentou o seu libro-cd "As andanzas de Paio"



Proxecto das Seccións Bilingües

Unha Sección Bilingüe é a organización dunha materia non lingüística da educación primaria que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos e alumnas dunha forma bilingüe dentro do enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrado de contidos e linguas) na lingua cooficial que corresponda e segundo a normativa vixente e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea.

Este curso 2015-2016, os nenos e nenas de sexto de primaria, participamos no proxecto das seccións bilingües na materia de plástica a través do galego e do inglés.

Comezamos con toda a ilusión do mundo e foi unha experiencia moi enriquecedora xa que descubrimos que podiamos traballar unha gran variedade de temas, crear arte seguindo unhas sinxelas instrucións e aprender que todas as linguas son grandes transmisoras de calquera coñecemento.

Aquí deixámosvos unha pequena mostra das nosas creacións: unha caixa de panos de Papa Noel e una cestiña de ovos de papiroflexia elaboradas no Nadal e na Semana Santa respectivamente.

Esperamos que vos gusten tanto como a nós!!!!



Aprendemos sen libros fóra da escola



Educación Infantil visitou o Museo do Mar, o estadio de Balaidos, o zoo e como remate de ciclo os maiores de cinco anos fomos á granxa Kiriko. Que ben o pasamos!!!!



Primeiro visitou o Mercado das Travesas, o Gadis, a Universidade e o Museo do Mar.





Segundo visitou unha exposición no Centro Comercial Travesía, O Corte Inglés, e como remate de fin de curso foron á Granxa Serantellos.



Terceiro visitou o Centro comercial Travesía, Faro de Vigo, Universidade e Pontevedra. Que ben o pasamos!!!



Cuarto, percorrido pola Bouza, Universidade e as Fragas do Eume.





Quinto visitou o Concello, Universidade, Marco-Salinae e pasamos todo o día nas Cíes.





33

Sexto visitou Salinae-Castro, percorrido pola Bouza, actividade de tráfico no Castro, Universidade e como remate da primaria pasarán tres días en Manzaneda.



33



Dende a A.N.P.A do noso centro escolar seguemos a desenvolver a nosa tarefa como os anteriores anos. Dende a nosa asociación, se ánimo de lucro e completamente voluntaria, somos as encargadas de xestionar, e levar adiante, o comedor, a gardería e as actividades extraescolares. Estas actividades completan a formación académica dos alumnos, axudándolles no seu desenvolvemento persoal, ampliando a súa formación deportiva, artística ou en linguas. Tamén o comedor e a gardería teñen unha finalidade educativa e o mesmo tempo axudan as familias a organizar os tempos de traballo e de familia. Por outra banda todas estas actividades son un espazo de ocio, tempo libre e convivencia, non só para os alumnos do colexio senón para moitas persoas xóvenes ou maiores do barrio que se anotan as diferentes actividades.



PARA OS PEQUENOS

Baile moderno, Ballet, Cómic, Inglés, Iniciación ó Deporte, Kung fu, Línaxe de Signos, Manualidades, Música, Natación, Patinaxe, Pintura, Pequenos cineastas, Rugby, Ximnasia Rítmica

E PARA OS MAIORES

Manualidades, Bolillos, Ximnasia de Mantemento



*Grazas a tódalas
persoas que fixéchedes
posible, co voso tempo e
esforzo e coa vosa adicación
desinteresada, que todos
estes proxectos saíran
adiante.*



*Grazas, tamén,
ós membros da
Agrupación Deportiva, á
dirección do centro, ó equipo
docente e ó resto de persoas
que traballan no "Seis do
Nadal" que sen o seu apoio e
colaboración todas estas
actividades non serían
posibles.*



• Este curso nas festas de fin de actividades en Maio e Xuño tivemos:

Concurso de Pintura: este ano co tema "As miñas vacacións polo espazo" en sintonía co tema das viaxes deste ano no colexio.

Torneos deportivos: baloncesto, balonmán e rugby.

Exhibicións ximnasia rítmica e ximnasia de mantemento, exhibición kung-fu e de deporte e bailes de patinaxe.

As actuacións no teatro do cole de música, ballet, inglés, linguaxe de signos e pequenos cineastas.

Exposicións de manualidades, pintura, cómic, bolillos...

Montaxe fotográfica coas fotos de tódalas actividades extraescolares ao longo dos tres trimestres.

Para pequenos e maiores houbo premios, medallas, merendas e refrescos!

• Tamén tivemos no 2º trimestre o "5º Concurso de Fotografía" co tema deste curso "Viaxando co Seis": un éxito de participación e colaboración co Centro Comercial 4.

• Especial mención aos éxitos acadados polo equipo de kung fu do cole no Campeonato Provincial: 5º, 4º e 3º clasificados nas categorías laranxa, marrón e azul infantil respectivamente.

• E como tódolos anos, a ANPA prepara e regala as orlas aos nenos e nenas que rematan a etapa de Infantil e aos alumnos e alumnas de 6º que pasan ao instituto.



*Lembrade que aínda necesitamos
a axuda e colaboración de
todas as persoas que estean
dispostas a botar unha man,
temos moitos proxectos para o
futuro e necesitamos a axuda de
tod@s. Animádevos a participar,
estámovos esperando!!!*



Outro ano máis remata un ciclo e comeza outro, como tamén pasa no Club Balónmán Seis do Nadal-COIA

Durante os últimos 10 meses sucedéronse os adestramentos, competicións, torneos, sectores e actividades, un mundo cheo de valores e aprendizaxe, onde os máis cativos pero tamén os maiores, crecen tanto deportiva como persoalmente.

Nesta tempada 2015-2016 o Club Balónmán Seis do Nadal-COIA contou con dezanove equipos desde categoría prebenxamín ata os equipos de categoría senior que compiten en ligas nacionais. O redor de 300 deportistas practicando balónmán sen parar ata os primeiros días do mes de xuño.

Moitos foron os éxitos acadados, o primeiro e o mellor de todos foi a incorporación dos novos xogadores na etapa prebenxamín, que competiron na liga de minibalónmán organizada polas escolas deportivas, e que sen dúbida serán o viveiro dos próximos anos. Os benxamíns loitaron polo campionato ata o final, logrando o bronce na categoría entre os 25 equipos participantes. Na categoría alevín saímos a competir con 3 equipos dos 37 inscritos, onde tamén acadaron o bronce coma en benxamíns. Nas competicións de infantís, cadetes e xuvenís conseguimos unha tempada máis ser un dos clubs que compite en todas as ligas de división de honra galegas, algo do que tan so dous clubs de toda Galiza poden presumir, e ademais contamos con 4 equipos nas segundas divisións, nas que os xogadores de primeiro ano poden disfrutar de máis minutos e seguir formándose. O equipo cadete masculino proclamouse campión galego, e a este seguiron os triunfos das cadetes e xuvenís femininas que remataron terceiras e acadaron o bronce, o xuvenil masculino proclamouse campión de copa, como tamén fixeron o xuvenil feminino e o infantil masculino.

Os equipos sénior, tanto o feminino de División de Honra Prata como o masculino de Primeira Estatal, loitaron polos primeiros postos, con planteis cheos de canteirás e a incorporación durante todo o ano de xogadores das categorías inferiores.

O premio final dun ano de esforzo chegou coa convocatoria para as seleccións nacionais, outro ano máis catro dos nosos canteirás foron convocados nas seleccións promesas, cadete e xuvenís. Pero especialmente este ano, dous xogadores da canteira do noso club que saíron das aulas do CEIP Seis do Nadal, chegaron ata o máis alto e xogarán coas seleccións absolutas de balónmán e balónmán Praia este verán, Pedro Rodríguez Álvarez e Víctor Rodríguez Costas.

¡¡¡Vémonos na próxima tempada!!!



Chégase ao final do curso 2015/2016 no CEIP Seis do Nadal e polo tanto chegamos ao final da tempada 2015/2016 no Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia.

Atrás queda o mes de setembro do ano pasado no que cada equipo comezaba os seus primeiros adestramentos dunha tempada que agora está rematando. Un elevado número de adestramentos, moitos partidos de diferentes competicións, unha gran diversidade de torneos disputados e sobre todo moito aprendizaxe de baloncesto ao longo destes dez últimos meses.

Nesta tempada que remata tivemos no club vinte e tres equipos federados, desde categoría benxamín ata categoría sénior en masculino e feminino, contando máis de trescentos xogadores e xogadoras federados. Levamos o baloncesto a dez escolas deportivas do Concello de Vigo (CEIP Seis do Nadal, CEIP Illas Cíes, CEP Celso Emilio Ferreiro, CEIP Pintor Laxeiro, CEP Doutor Fléming, CEIP Javier Sensat, Colexio Labor, EDM Balaídos, EDM Berbés e EDM Navia) chegando ao final do curso con máis de trescentos nenos e nenas practicando baloncesto escolar.

Sumando os xogadores e xogadoras dos equipos federados e os nenos e nenas das escolas deportivas, o Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia aproximouse aos setecentos deportistas esta tempada 2015/2016, deportistas que estiveron adestrados e dirixidos polo corpo técnico máis amplo do panorama deportivo autonómico con máis de trinta adestradores e adestradoras.

O CEIP Seis do Nadal participou nas Ligas Internas de Colexios, Ligas LINCO Concello de Vigo 2016, que organiza o Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia ano tras ano. Na 14ª Liga LINCO de categoría minibásquet participaron os equipos As Amoras Seis do Nadal e os Conchos Seis do Nadal, ambos en categoría benxamín. Na 7ª Liga LINCO XL de categoría infantil e cadete participou o equipo Os Arandos Seis do Nadal. Os tres equipos do colexio puideron demostrar cada venres, desde o mes de xaneiro ata o mes de maio nos pavillóns de Navia e Balaídos, a súa evidente progresión e tódolos coñecementos adquiridos sobre o deporte da canastra.

O Club Baloncesto Seis do Nadal - Coia continuou unha tempada máis destacando pola súa constante organización de actividades. Un curso máis organizouse o 9º Torneo de Baloncesto Cadete, o 8º Torneo de Baloncesto Infantil, o 16º Torneo de Minibásquet e o 4º Día de Benxamín, actividades que completan e enriquecen unha variada e diversa planificación.

E como cada tempada chega o mes de xuño, mes no que os equipos federados remataron todas as súas competicións e xa van deixando de adestrar pouco a pouco, as escolas deportivas xa cesaron a súa actividade coa xornada de clausura o último venres do mes de maio, e a coordinación do club xa pensa na próxima tempada 2016/2017 despois dos éxitos recentemente conseguidos: ascenso á Liga EBA do equipo Sénior Masculino, ascenso á Primeira División do Júnior Feminino, participación no Campionato de España de Clubs do Infantil Feminino, consecución do título de subcampión galego por parte do Alevín Feminino e a consecución do título de Copa Primavera do Cadete Feminino, entre moitos outros éxitos acadados nesta nova tempada.



Baloncesto



XOGA CON NÓS NA LIGA EBA!



Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, da educación social e da creatividade

O Claustro de profesoras e profesores do noso centro, diante dos retos tan complexos que cada día afectan ao noso campo educativo, decidimos embarcarnos neste proxecto, para contribuir á formación integral do alumnado de E.Infantil, Primaria e Educación Especial.

O Proxecto, do que vimos de rematar o primeiro ano e que se desenvolve en tres anos, céntrase en favorecer o crecemento físico, emocional, intelectual e social das persoas, promovendo a comunicación e a mellora da convivencia nos centros escolares, e en fomentar a creatividade a partir do traballo con docentes, alumnos e familias.

Foi creado pola **Fundación Botín** e colabora a **Fundación Barrié** e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nestes momentos está no cole a Exposición itinerante **“Somos Creativos”**, que parte do recurso de Reflejarte, tendo como base o traballo do autor Sol Lewitt.

Os recursos clasifícanse en: literatura e emocións, Coro das emocións, Reflejarte e Banco de ferramentas.

Intentamos sacarlle o máximo posible a cada recurso en beneficio do noso alumnado e a valoración do traballo neste curso foi moi positiva. Agardamos que nos próximos cursos, aínda sexa máis satisfactorio.






*Os de sexto fan a
súa derradeira
viaxe neste centro.*

*O vindeiro curso
irán para o
instituto.*



SORTE!!!





Illustración Xaquín Maciá
Os soños na gaiola
Manuel María

Manuel María
As Ruas do Vento

Montaña
CANTADA
Manuel María
O bigote de Mimí

A casa de Manuel María



MANUEL MARÍA

*Equipo de dinamización da lingua galega
"O Fiadeiro"*